

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2025

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:38 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistenciais:

ASISTENTES:Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).
Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE).
Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE)
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto).

Non asiste:

Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE).

Secretaria :

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO 1 DE OUTUBRO DE 2025.**

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia pregúntaselles aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión ordinaria do 1 de outubro de 2025.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE). Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que quedan aprobado o borrador da acta da sesión ordinaria de 1 de outubro de 2025

2.-APROBACIÓN DA PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 4/2025, (GASTO CORRENTE).

Dase lectura á proposta de alcaldía, que reproducida literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2025/A007/000009

ASUNTO: ADHESIÓN AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. POS+ADICIONAL 4/2025

O 29.11.2024 o Pleno da Deputación da Coruña acordou aprobar as Bases que rexen o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”

O 3.10.2025 o Pleno da Deputación da Coruña, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 coa finalidade de regular o POS+Adicional 4/2025 destinado aos 93 concellos da provincia.

O Concello de Sobrado ten asignadas as seguintes achegas no POS+ ADICIONAL 4/2025: 206.931,31 €

Ao abeiro do disposto nas bases da dita convocatoria, as atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, PROPOÑO a adopción do seguinte ACORDO:

1.- “Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 4/2025**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025
--	--

Gastos correntes 2025	147.000,00€
Redución da débeda do concello coa deputación	0,00€
TOTAL	147.000,00€

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	206.931,31€
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	147.000,00€
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	59.931,31€

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE). Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

3.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 6/2025, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTO DE CRÉDITO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.

Dase lectura á proposta de alcaldía, que reproducida literalmente di:

“Exp. 2025/T002/000007

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: modificación crédito 7/2025 de Créditos Extraordinarios e Suplementos de crédito con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse hasta o exercicio seguinte e para os que non existe créditoa axeitado e suficiente no vixente orzamento da Corporación, pola necesidade inmediata de actuación para modificar os créditos, por mor do recoñecemento e pagamento de facturas devengadas no presente exercicio, xurde a necesidade de complementar e dotar mediante créditos extraordinarios e suplementos de créditos diferentes partidas de gasto.

E dado que se dispón de remanente líquido de Tesourería segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior e dos anteriores modificativos, especialmente o de incorporación de remanentes e os MC 2/2025 e MC 5/2025, pola Alcaldía propúxose a modificación orzamentaria por Suplemento de Créditos financiados con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Con data 20/10/2025 emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Con data 20/10/2025 emitíuse informe de Secretaría-intervención sobre a Lexislación aplicable e o procedemento para seguir .

Con data 20/10/2025 emitíuse informe de intervención favorable e informe sobre a avaliación da estabilidade orzamentaria.

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte. ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 7.2025 na modalidade de Créditos extraordinarios e Suplementos de Crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do exercicio anterior e dos estados contables na data de inicio do presente expediente, como segue a continuación:

ORZAMENTO DE GASTOS

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS POR CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

Aplicacións orzamentarias		Descrición	Euros
programa:	económica:		
338	480.00	Festexos populares. Subvencións nominativas	6.000,00
Total Créditos Extraordinarios			6.000,00

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS POR SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Aplicacións orzamentarias		Descrición	Euros
programa:	económica:		
136	227.99	Limpeza de viais. Outros traballos	15.000,00
161	227.99	Abastecemento de auga. Outros traballos	26.000,00
1623	227.99	Tratamento de residuos. Outros traballos	6.000,00
323	212.00	Centros docentes. Mantemento de edificios	1.000,00
338	226.99	Festexos populares. Outros gastos	18.600,00
341	226.09	Promoción e fomento do deporte. Actividades	3.950,00
342	221.99	Instalacións deportivas. Outros suministros	1.500,00
342	227.99	Instalacións deportivas. Outros traballos	2.900,00
342	623.00	Instalacións deportivas. Inversión en maquinaria	875,00
920	225.01	Administración xeral. Taxas	1.050,00
920	227.06	Administración xeral. Estudos e traballos técnicos	25.000,00
Total			101.875,00

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

ORZAMENTO DE INGRESOS RECURSOS QUE FINANCIAN A MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.

Aplicación	Denominación	Importe
870.10	Remanente de Tesoureria para Gastos Xerais	107.875,00

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto para realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica].

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quinze días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE). Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0):

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

4.-MODIFICACIÓN DA BASE 61.2 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO 2025 REGULADORA DAS SUBVENCÍONS NOMINATIVAS.

Dase lectura á proposta de alcaldía, que reproducida literalmente di:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO 2025.
BASE 61.2ª REGULADORA DAS SUBVENCÍONS NOMINATIVAS

EXPEDIENTE. 2025/A013/000001

Polo Pleno da Corporación en Sesión Extraordinaria celebrada o día 15 de abril de 2025 foi aprobado inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o Exercicio 2025. Sometido a información pública, non se presentaron reclamacións contra o citado Orzamento, quedou elevado a definitivo.

O citado Orzamento Municipal entrou en vigor o día 19 de maio de 2025 (Bop nº 93).

Un documento integrante do Orzamento constitúeno as Bases de Execución.

Na Base 61.2º relaciónanse as Subvencións Nominativas, que son aquelas que pola súa natureza non son obxecto de concorrencia, e que responden a actividades de interese público ou utilidade social ó con fins asistenciais.

As subvenciones nominativas recollidas no orzamento son as seguintes:

326.48000 CPI VIRXE DO PORTAL.....3.500,00 € para de adquisición de equipos informáticos e dotació aula TIC

326.48000 ANPA DO CPI VIRXE DO PORTAL1.500,00 € actividade extraescolar (cursos) e excursións.

341.48000 CLUB ATHLÉTICO SOBRADO-----4.000,00 € para gastos federativos, seguros etc

Considerando que se modificou o Plan estratéxico de subvencións 2024-2026 no Pleno celebrado o 6 de agosto de 2025 (publicación en BOP nº 153 do 13 de agosto de 2025 incluíndo "5.3 SUBVENCIONES EN MATERIA DE FESTEXOS POPULARES a) Obxectivo estratéxico: Colaborar coas comisións de festexos do municipio de Sobrado na organización das festas locais b) Obxectivos específicos: Apoiar a participación cidadá na celebración de festas populares e mantemento das tradicións de Sobrado e as súas parroquias. c) Prazo de execución: Anual d) Costes previsibles: Os custos previstos para o período 2024-2026 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio. e) Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas. f) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento

O Art. 165.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, así como, o artigo 9 do Real Decreto 500/90 do 20 de Abril, establece o contido dos orzamentos integrantes do Orzamento Xeral, incluíndo as Bases de Execución nos mesmos, como documento que contén a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade. Segundo: Os artigos 168 e 169 do Texto Refundido do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, recollen o procedemento de elaboración, aprobación e entrada en vigor dos Orzamentos.

Ao tratarse as Bases de Execución un documento integrante do Orzamento Xeral, a modificación dos mesmos someterase aos trámites previstos nos citados artigos 168 e 169 entendéndose aprobadas definitivamente, sen necesidade de novo acordo, se non houberse reclamacións.

Vistos os artigos citados, e demais de xeral aplicación, esta alcaldía , propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a de modificación da base 61.2ª das Bases de Execución, engadindo unha nova subvención nominativa:

338.48000 ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN FESTAS DE SOBRADO DOS MONXES
CIF G70607213.....6.000,00 € para gastos de orquestras

SEGUNDO.- Someter o expediente de modificación das Bases de Execución do Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2025 a exposición pública polo prazo de 15 días hábiles para o seu exame e presentación de reclamacións, con publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provicnia, de conformidade co disposto no artigos 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, considerándose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, se non se presentasen reclamaciones no mencionado prazo."

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE)., Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:00 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE